



RECOLLIDA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

Estimadas familias.

A partir do mércores 27 de maio poderedes acudir ao centro para recoller o material dos vosos fillos.

- Só poderá entrar no centro unha persoa por alumno para recoller o material. Accederase ao hall pequeno pola porta da dereita da palmeira de Educación Infantil (zona cuberta).
A saída será pola porta da esquerda da palmeira. Haberá sinalizacións da entrada e saída.
- A persoa que acuda ao centro ten que levar mascarilla.
- Debe respectarse sempre a distancia de seguridade (2 metros)
- Tamén recollerase neste momento o material de extraescolares.
- Se algún alumno da Escola de Música ten materiais esquecidos no Colexio que escriba ao enderezo esmu.compania.maria@edu.xunta.es indicando o nome completo, o curso e a letra do mesmo, qué esqueceu e onde se atopa para que o día que se poidan acercar por cursos a recoller cousas teñan todo xunto, tanto do Colexio como da Escola de Música.
- Os libros da Biblioteca que o alumnado teña que devolver os deixarán nunhas caixas habilitadas no hall pequeno.
- Ata 2º ESO entregarase o material nunha bolsa, pero podedes traer outra por si hai prendas esquecidas ou material de deporte.
- A partir de 3º de ESO, o propio alumnado acudirá ao centro as súas clases para recoller o seu material e devolver os libros de préstamo. Aqueles alumnos que teñan que recuperar materias en setembro poderán quedar cos libros para estudar no verán e os entregarán o día do exame de recuperación. Se un alumno dubida se necesita o material para o verán, o pode devolver o día da recuperación en setembro.
- A entrada desde 3º da ESO a Bacharelato será pola porta da palmeira de maiores.
- Os alumnos de 2º de Bacharelato que acudan a recoller o seu material e a orla do grupo deberán traer o diñeiro exacto para o seu pago na portería. (Mércores 3, Xoves 4 e Venres 5, de 11.00 a 13.30)
- Os alumnos de 3º de ESO a 2º Bacharelato deberán traer a súa mochila para levar as súas pertenzas.

HORARIO

Día	10:00/11:15	11:15/12:30	12:30/13:45	Curso
Mércores 27	A	B	C	1º Ed. Primaria
Xoves 28	A	B	C	2º Ed. Primaria
Venres 29	A	B	C	1º ESO
Luns 1 Xuño	A	B	C	2º ESO
Martes 2	A	B	C	Ed. Infantil 3 anos
Mércores 3	A	B	C	Ed. Infantil 4 anos
Xoves 4	A	B	C	Ed. Infantil 5 anos
Venres 5	5ºA/6ºA	5ºB/6º B	5ºC/6ºC	5º e 6º Ed. Primar
Luns 8	A	B	C	3ºESO(recollida e devolución de material)
Martes 9	A	B	C	4º ESO(recollida e devolución de material)
Mércores 10	A	B	C	3º Ed. Primaria (recollida e devolución de material)
Xoves 11	A	B	C	4º Ed. Primaria (recollida e devolución de material)
Venres 12	A	B	C	1º BACH
Xoves 18				
DEVOLUCIÓN ORDENADORES EDIXGAL de 5º de Ed. Primaria a 2º ESO (11:00 a 13:00) Na portería				

A organización de recollida por horas ten como fin evitar aglomeracións. Se algunha familia non pode acudir na hora que lle corresponde, poderá facelo ao longo da mañá asignada.

Moitas grazas polo esforzo e a colaboración que estades a facer todas as familias.

Un agarimoso saúdo.

Equipo Directivo.